

Boas tardes vos digho a todos
hoxe véñovos visitar
que hai dezaoitto anos
que non vos veño molestar.

Son un padre misionero
do convento de Mellorás
e a doutrina que eu vos traio
évola de Barrabás.

Solteiriñas e casadas,
antes de este sermón,
arrepentivos de veras,
que vos boto a bendición.

Patris e dinformatis
se non paritis reventatis.
Son palabras que se len
no evanxelio de Xan Mentira.
Se non pecatis por abaixo
pecatis por arriba.

O sermón évos pequeno
pero havos de ghustar,
e as rapaciñas solteiras
xa se poden preparar.

Cando teñen doce anos
empezan a tolear
arrímanse aos rapaces
e queren parrafear.

Cando teñen trece anos
andan de mala maneira,
por cines, bailes e festas
por ver se hai quen as queira.



Andan por detrás dos valos,
corredoiras e as silveiras.
Enghanchadas aos rapaces
como ghatas á xaneira.

Con eso da minifalda
xa non teñen nin perdón
se se abaixan un pouquiño
véselle a televisión.

E as nais son as causantas
desa roupa tan pequena,
son as que lle fan o modo
para que lle vaian á lacena.

Que se a tiveran ven largha
que lle cheghara ao calcañar
antes de chegharlle alí
tiñan moito que sudar.

E non queren pantalón branco,
que non lle da resultado
que se nota moito o rastro
donde anduvo o porco bravo.

Haivos mulleres casadas
que son peores que as solteiras
que cando teñen a ocasión
a todos lles fan as beiras.

E os mociños danse a maña
cando elas lles fan as beiras
para poder larghar o trigho
sen que o grau quede nas leiras.

É mellor sementar fóra. (Risas.)